

Plantilla memoria resumen modificaciones do Mestrado en Neurociencia

Universidade de Vigo

Número total de páxinas (aproximado): 10-12 páxinas

RESUMO DAS MODIFICACIÓNS A REALIZAR NO TÍTULO

1 Descrición Xeral (breve resumo de tódolos cambios).

As principais modificacións introducidas respecto á versión anterior do título son as seguintes:

Adscrición do mestrado ao ámbito de coñecemento de Ciencias Biomédicas.

Axuste na oferta de prazas: de 50 a 40.

Modificación da carga de créditos ECTS das materias obrigatorias, que pasan de 4 a 4,5 ECTS.

Redución dos créditos do Traballo Fin de Mestrado, de 19 ECTS a 16,5 ECTS.

Eliminación de dúas materias da especialidade Neurobioloxía Celular e Molecular por solapamento de contidos (Neuroanatomía Comparada e Fundamentos de Xenómica e Proteómica), cuxos contidos se integran en Evolución do Sistema Nervioso e Técnicas de Neurobioloxía Molecular, respectivamente.

A materia Neurodexeneración e Neurorreparación pasa da especialidade Neurociencia Cognitiva á especialidade Neurobioloxía Celular e Molecular, manténdose un total de 10 optativas en cada itinerario.

Cambios na denominación das seguintes materias:

Fundamentos de Neuroloxía pasa a Neurociencia aplicada á Neuroloxía Clínica.

Canles Iónicas e comportamento neuronal. Introducción ás canalopatías pasa a Canles Iónicas e Comportamento Neuronal.

Técnicas Psicofisiolóxicas pasa a denominarse Técnicas de Neurociencia Cognitiva.

Exploracións nucleares en neuroloxía: SPET e PET. Neuroimaxe dixital pasa a Neuroimaxe PET/SPECT: preprocesado, análise e aplicacións clínicas.

Así mesmo, revisáronse e actualizáronse os descritores de todas as materias, incluíndo resultados da aprendizaxe, contidos, metodoloxías docentes, metodoloxías de avaliación e actividades formativas. Para a distribución de horas en cada unha das materias tomouse como referencia a PDA vixente do título.

2 Xustificación, adecuación da proposta e procedementos.

a) Interese académico, científico, profesional e social do título

O Mestrado Universitario en Neurociencia (60 créditos) impartiuse de xeito ininterrompido dende o curso 2011-12. Este mestrado orixinouse por sucesivas transformacións dos estudos de Doutoramento en Neurociencia impartidos polas tres Universidades de Galicia. O Programa de Doutoramento Interuniversitario en Neurociencia empezou no bienio 2003-2005 e no ano 2004 acadou a Mención de Calidade do Ministerio de Educación e Ciencia (2004-00402). No ano 2006 transformouse no Programa Oficial de Posgrao en Neurociencia, impartindo as titulacións de mestrado e doutoramento, procedendo o mestrado dos antigos estudos de doutoramento. Co cambio de normativa, o mestrado integrado no Programa Oficial de Posgrao deu lugar ao Mestrado en Neurociencia, verificado pola Comisión de Verificación de Plans de Estudos designada polo Pleno do Consello de Universidades, na súa sesión do 1 de xuño de 2009. O Programa en Neurociencia mantivo ininterrompidamente a Mención de Calidade do Ministerio de Educación e Ciencia

(MCD2006-00505), e foi renovada no curso 2008-2009 con validez ata o curso 2011-2012 (BOE 12 de novembro de 2008). De acordo ao RD 56/2005 implantouse no curso académico 2006-2007 o Posgrao Oficial Interuniversitario en Neurociencia, que comprendía os estudos de mestrado e doutoramento. Nese momento aínda non estaba definido se as titulacións de Grao terían 180 ou 240 créditos (RD 55/2005) polo que se deseñou un mestrado de 120 créditos. Coa aprobación do RD 1393/2007, estableceuse que os Graos terían 240 créditos e ao mesmo tempo tamén se estableceu unha diferenciación entre os estudos de mestrado e doutoramento que no RD 56/2005 estaban agrupados como estudos de Posgrao. Por este motivo, considerouse que nese momento era oportuno reducir o número de créditos para poder obter o título de mestrado a 60 créditos, de acordo coa regulamentación vixente nese momento. Por outra parte, moito alumnado matriculado, optaba e opta pola vía que se ofrece de realizar 60 créditos para poder ser admitidos na etapa de tese.

En relación ao número de especialidades, o mestrado de 120 créditos contaba con catro especialidades: Neurobioloxía Médica, Neurociencia Cognitiva, Neurobioloxía Comparada e Modelos do Cerebro. No mestrado de 60 créditos, as especialidades reducíronse a dúas: Neurociencia Cognitiva e Neurobioloxía Celular e Molecular. Esta redución obedeceu á necesidade de adecuar a oferta á demanda, tendo en conta as necesidades do alumnado que se matricula no mestrado, de modo que se poida asegurar un número razoable de alumnos/as por especialidade.

O Mestrado en Neurociencia no seu conxunto garante a formación básica que todo profesional da Neurociencia debe posuír, así como a especialización nos distintos campos da Neurociencia. Este Título caracterízase pola súa interdisciplinabilidade, abranguendo áreas de Neurociencia básica, aplicada e clínica. Neste sentido, o programa inclúe a un número importante de docentes e investigadores/as implicados/as nas áreas de Neurobioloxía Celular, Neuroquímica e Neurobioloxía Molecular, Neuroxenética, Neuroanatomía, Neurobioloxía do Desenvolvemento e o Envellecemento, Neurofisioloxía, Neuroendocrinoloxía, Neurobioloxía Comparada, Neurofarmacoloxía, Psicobioloxía, Neurociencia Cognitiva, Neurobioloxía da Enfermidade, Neuropsiquiatría, Neurociencia Computacional e Técnicas Experimentais en Neurobioloxía.

Ademais de polo que acabamos de mencionar, o seu interese radica no seu perfil investigador e académico, estando dirixido fundamentalmente á formación de investigadores, dando acceso aos estudos de Doutoramento en Neurociencia, pero tamén constitúe unha especialidade por si mesma. No ámbito académico presenta os coñecementos actualizados e as metodoloxías experimentais utilizadas en diferentes campos da Neurociencia, así como a capacidade de obter información de xeito autónomo, procesala e transmitila.

Por outra parte, contribúe ao desenvolvemento de itinerarios académicos completos, xa que o Mestrado en Neurociencia dá acceso, entre outros, ao Programa de Doutoramento Interuniversitario en Neurociencia e Psicoloxía da USC. Este título conta cun grupo de docentes altamente especializado en distintas disciplinas da Neurociencia, o que é unha garantía de calidade e pertinencia académica para o título.

Dende a súa implantación no curso 2011-12, o mestrado mantivo de forma constante unha matrícula superior a 20 estudantes por curso, o que evidencia un interese sostido no tempo. Así mesmo, os distintos autoinformes de seguimento reflicten un elevado grao de satisfacción do alumnado cos contidos, a organización académica e o labor docente do profesorado. Estes indicadores poñen de manifesto unha demanda estable por parte do estudiantado e a adecuada adaptación do mestrado ás súas necesidades formativas.

Este título presenta un elevado interese científico, xa que facilita a iniciación á investigación no campo da Neurociencia. Alíñase coa Estratexia Española de Ciencia,

Tecnoloxía e Innovación (EECTI) 2021-2027, deseñada para coordinar a planificación estatal e autonómica e para articular a política nacional de I+D+i co programa marco europeo Horizonte Europa (2021-2027), que destaca o papel da ciencia e a innovación como motores de recuperación social, económica e industrial tras a crise da COVID-19.

O mestrado proporciona técnicas e coñecementos especializados en diferentes ámbitos da Neurociencia. Todo o estudiantado debe realizar un Traballo Fin de Mestrado (TFM) nalgunha das liñas de investigación desenvolvidas polo profesorado participante ou por grupos externos cuxo traballo se enmarque no ámbito da Neurociencia. A defensa do TFM lévase a cabo na "Xornada para Novos Investigadores en Neurociencia", unha actividade que se celebra cada curso académico e constitúe un dos sinais de identidade do título. Esta xornada favorece o intercambio académico, creación de colaboracións e a formación investigadora, e unicamente se viu interrompida durante o período de pandemia.

Dende a súa implantación, este mestrado contribuíu ao avance do coñecemento científico en diversas áreas da Neurociencia. As liñas de investigación ofertadas no mestrado teñen continuidade no Programa de Doutoramento, facilitando unha transición cara á realización da tese doutoral e a adquisición de competencias para o exercicio autónomo da actividade investigadora.

En relación co interese profesional, ao longo da súa traxectoria o mestrado formou a estudantes que, unha vez finalizados os seus estudos, se incorporaron a grupos de investigación das tres universidades do SUG, así como a centros de investigación e hospitais. Este feito evidencia a existencia dunha demanda real de investigadores especializados no ámbito da Neurociencia, podendo desempeñar actividades laborais en empresas e industrias vinculadas ao sector neurocientífico. Así mesmo, para os profesionais do ámbito clínico, o mestrado ofrece unha actualización rigorosa dos coñecementos sobre as bases biolóxicas do funcionamento do sistema nervioso e sobre os trastornos neurolóxicos e mentais.

A Neurociencia ocupa un lugar central na sociedade actual. O cerebro humano, responsable de percibir e responder á contorna, formular preguntas e razoar, é o substrato estrutural para a experiencia consciente, a regulación da conduta e o mantemento da unidade persoal. Un dos principais retos científicos actuais consiste en desentrañar os seus mecanismos de funcionamento, dende os procesos moleculares que teñen lugar nel, ata as bases da memoria, a intelixencia e a toma de decisións.

Os avances nas distintas disciplinas neurocientíficas permitiron afondar de xeito significativo na comprensión da actividade cerebral, achegando coñecementos fundamentais tanto en condicións normais como patolóxicas. Esta comprensión resulta esencial para o diagnóstico, o tratamento e a prevención de numerosas neuropatoloxías. Así mesmo, a Neurociencia ten un impacto crecente na sociedade, xa que aborda cuestións de enorme relevancia social —como a saúde mental, o envellecemento, as enfermidades neurolóxicas ou a discapacidade— que suscitan unha preocupación cada vez maior.

A importancia deste campo quedou reflectida na 20.^a edición de Galiciencia (2025), promovida polo Parque Tecnolóxico de Galicia-Tecnópole, celebrada baixo o lema "Neurociencia e saúde mental". Ademais, o carácter interdisciplinar da Neurociencia favorece a colaboración entre diversas áreas do coñecemento e facilita o desenvolvemento de terapias e tratamentos máis eficaces, contribuíndo tanto á mellora da calidade de vida de millóns de persoas afectadas por neuropatoloxías como ao avance na comprensión integral do cerebro humano.

b) Procedementos de consulta internos e externos utilizados para a elaboración do plan de estudos

O procedemento de revisión e actualización do título axústase ás normas e recomendacións das Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo. O mestrado implantouse no curso 2011-12 e, durante o seu deseño inicial, levouse a cabo unha revisión comparada da organización, estrutura e contidos de outros Programas de Neurociencia, tanto nacionais como internacionais, consultándose tamén as súas respectivas páxinas web. Así mesmo, obtívose información complementaria mediante a asistencia a reunións da Rede de Programas Europeos de Neurociencia (NENS), á que pertence este título.

No contexto internacional, constatouse que en Estados Unidos existen titulacións de Grao en Neurociencia, mentres que en Europa a disciplina abórdase maioritariamente a nivel de posgrao, mediante programas de mestrado e doutoramento. Seguindo estas referencias e a normativa da USC, o deseño do plan de estudos incorporou materias obrigatorias que cobren os fundamentos actualizados das principais áreas da Neurociencia, materias especializadas ofertadas en función da demanda rexional e do perfil académico do estudiantado, e o Traballo Fin de Mestrado.

Durante a elaboración e revisión do plan de estudos consultouse a membros de grupos de investigación das universidades e hospitais de Galicia, o que contribuíu á definición das dúas especialidades ofrecidas. Tamén se recadou información do estudiantado mediante enquisas e mediante as achegas continuas recollidas pola Comisión Académica, polo profesorado e polos/as titores/as. Estas consultas sustentaron, entre outras decisións, a proposta de adaptación do programa a unha duración dun ano académico.

Por outro lado, analizáronse os plans de estudo de titulacións de Bioloxía, Farmacia, Fisioterapia, Medicina e Psicoloxía, co fin de avaliar o nivel de coñecementos previos do estudiantado que accede ao título. Dita análise confirmou dous aspectos observados ao longo dos 14 anos da súa impartición: a heteroxeneidade do nivel de formación de ingreso e a escasa presenza de contidos específicos de Neurociencia nos graos de procedencia. Este diagnóstico, xunto coa ausencia de Graos en Neurociencia en España e na maior parte de Europa, xustificou a implantación de materias obrigatorias que garantan unha base común e actualizada para todo o alumnado, incluíndo avances recentes e fundamentos metodolóxicos.

Dende o curso 2011-12 elabóranse autoinformes anuais de seguimento que permiten detectar áreas de mellora e aplicar os cambios necesarios para o correcto desenvolvemento do título. Estes autoinformes inclúen unha análise dos diferentes indicadores académicos e de calidade. Así mesmo, o programa foi avaliado en varias ocasións por comisións da ACSUG, cuxos informes orientaron a implementación de melloras e contribuíron á actualización continua do título. Como resultado destas avaliacións, o mestrado obtivo diversas acreditacións, sendo a última do 18 de decembro de 2025.

c) Incardinación no contexto da planificación estratéxica da universidade ou do sistema universitario da Comunidade Autónoma, a oferta global de títulos e potencialidade da/s universidade/s que o imparten para alcanzar os resultados de aprendizaxe

O Sistema Universitario de Galicia (SUG), integrado polas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, organízase e régúlase conforme ao marco lexislativo vixente. A Lei 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia (última modificación: 31 de decembro de 2024) establece os obxectivos e fins do SUG, entre os que destacan a creación, transmisión e difusión do coñecemento, así como a formación integral das persoas e a promoción da coordinación e cooperación entre universidades para fortalecer o sistema e optimizar recursos. Así mesmo, o artigo 8 de dita Lei determina que a implantación de novas titulacións debe

atender á demanda universitaria e á dispoñibilidade de recursos humanos e materiais, favorecendo a agrupación de títulos por áreas científicas para impulsar a investigación e a eficiencia do sistema. O artigo 9 sinala, ademais, que no ámbito da saúde, as universidades poden crear estruturas compartidas orientadas á docencia, investigación, asistencia e innovación. Pola súa parte, o artigo 54 establece que a coordinación interuniversitaria serve para promover actividades conxuntas en docencia, investigación, innovación e difusión cultural.

Neste marco, o carácter interuniversitario do Mestrado en Neurociencia reforza a coordinación, a eficiencia e a complementariedade entre campus, optimizando recursos docentes, investigadores e de infraestrutura, e aliñándose cos principios de racionalización e colaboración definidos pola Lei 6/2013. A natureza compartida do título evita duplicidades e fortalece a calidade da oferta formativa do SUG nun ámbito estratéxico como a Neurociencia.

O mestrado intégrase tamén nos plans estratéxicos das tres universidades do SUG, cuxa misión institucional inclúe garantir unha oferta docente de calidade, impulsar a investigación de excelencia e promover a transferencia do coñecemento en resposta aos retos sociais actuais. En consonancia coa Lei 6/2013, estas universidades exercen o servizo público de ensino superior mediante a docencia, a investigación, a creación, a difusión e a transferencia do coñecemento.

Así mesmo, o título aliñase co programa RIS3 Galicia (2021-2027), particularmente co Reto 3: "Modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo", que prioriza a medicina preventiva, rexenerativa e de precisión, así como a investigación básica de excelencia na fronteira do coñecemento.

O Mestrado en Neurociencia é coherente coa oferta académica do SUG, dado que complementa e dá continuidade formativa aos Graos en Bioloxía, Psicoloxía, Medicina, Farmacia, Biotecnoloxía, Bioquímica e titulacións afíns, presentes no SUG. Dende o curso 2011-12, estas titulacións constituíron a principal fonte de alumnado que accede ao mestrado, favorecendo o desenvolvemento de itinerarios académicos completos (Grao-Mestrado-Doutoramento). Por outra parte, tres das materias optativas da especialidade de Neurociencia Cognitiva ofértanse tamén na especialidade de Psicoloxía Experimental do Mestrado en Psicoloxía da USC, indicativo da súa relación con outros títulos. O recoñecemento do mestrado como membro da Rede Europea de Programas de Neurociencia (NENS) constitúe un aval adicional de calidade e internacionalización.

O programa conta con profesorado e investigadores/as das tres universidades do SUG, pertencentes a grupos consolidados e emerxentes en diversas disciplinas neurocientíficas, o que garante unha formación avanzada tanto en Neurociencia Básica como Aplicada. As universidades participantes dispoñen das infraestruturas científicas, docentes e tecnolóxicas necesarias para asegurar que o estudantado alcance os resultados de aprendizaxe previstos.

Por todo iso, o Mestrado en Neurociencia intégrase de forma sólida na planificación estratéxica do SUG e nas políticas autonómicas de educación superior, investigación e innovación. O seu carácter interuniversitario, a súa coherencia coa oferta académica existente e a capacidade investigadora e docente das institucións participantes garanten plenamente a consecución dos resultados de aprendizaxe e a formación de profesionais e futuros/as investigadores/as altamente cualificados/as nun ámbito clave para a sociedade actual.

Ademais, a súa vinculación con áreas como a saúde, o benestar, o envellecemento, a cognición, o desenvolvemento tecnolóxico e a diagnose conéctao directamente cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030, especialmente co ODS 3 (Saúde e Benestar). O estudo/avance nas distintas disciplinas da Neurociencia ten un impacto directo en diversas

áreas de interese prioritario para a sociedade, tales como: o envellecemento, as enfermidades neurodexenerativas, saúde mental, diagnose, prevención e desenvolvemento de novas terapias.

A continuidade na oferta do mestrado responde, por tanto, á crecente necesidade de profesionais capaces de abordar os desafíos da Neurociencia dende unha perspectiva interdisciplinar e con rigor científico.

d) Procedemento e criterios de admisión

O sistema de admisión dos/as estudantes levarase a cabo de acordo cos criterios e procedementos establecidos nas universidades participantes, seguindo os principios de obxectividade, imparcialidade, mérito e capacidade.

A información relacionada co procedemento de admisión dos/as estudantes atópase nas seguintes direccións:

USC: <https://www.usc.gal/es/admision/master>

UDC: https://www.udc.es/es/futuros_estudiantes/masteres/

UVIGO: <https://www.uvigo.gal/es/estudiar/gestiones-estudiantes/matriculate/matricula-masteres>

A Comisión Académica de Mestrado (CAM) decidirá sobre a admisión ou non das persoas solicitantes. Poderá rexeitar as solicitudes daquelas persoas cuxo perfil non encaixe nos recomendados para o acceso ao mestrado.

No caso de que o número de solicitudes supere á oferta, utilizarase unha escala de puntuación que cada candidato/a irá acumulando segundo o seu perfil. Elixirase aos/ás candidatos/as por orde descendente de puntuación.

Criterios de admisión:

Para a admisión dos/as estudantes no Mestrado en Neurociencia a Comisión Académica valorará en cada caso os antecedentes académicos, científicos e profesionais dos candidatos.

A selección dos/as alumnos/as farase tendo en conta o expediente académico ou curriculum vitae e valoraranse diversos méritos.

Para acceder ao mestrado, os méritos valoraranse en base a 10 puntos segundo os seguintes criterios:

1. Expediente académico (tendo en conta os "non presentados") ata 8 puntos (expediente académico multiplicado por 2).
2. Número de anos cursados na titulación que lle habilita para cursar o programa ata 0.5 puntos. 0,1 por ano cursado, máximo 0,5 puntos.
3. Experiencia en Neurociencia (cursos teóricos ou prácticos, memorias de licenciatura, comunicacións a congresos, artigos etc.) e/ou experiencia profesional (contratos en empresas en campos afíns á Neurociencia, en hospitais en áreas relacionadas coa Neurociencia), máximo 1 punto.
4. Inglés (certificado B2 de inglés ou superior), máximo 0.5 puntos.

e) Procedemento de avaliación e cualificación

A avaliación das materias realizarase mediante unha metodoloxía homoxénea no conxunto do título, coas adaptacións necesarias en función das competencias e resultados de aprendizaxe propios de cada materia. O sistema de avaliación combinará diferentes evidencias avaliábeis, entre elas a realización de traballos ou informes, as presentacións orais, a participación en seminarios ou actividades de clase e, no seu caso, probas escritas ou prácticas. Estas permiten valorar o esforzo, o progreso e os resultados acadados polo estudiantado.

Cada guía docente especificará os criterios de avaliación, as ponderacións de cada actividade e os requisitos mínimos necesarios para superar a materia. As cualificacións expresaranse nunha escala numérica de 0 a 10, conforme á normativa vixente, e quedarán reflectidas no expediente académico.

O título garante a igualdade de oportunidades mediante a realización das adaptacións curriculares necesarias para estudantes con discapacidade ou con necesidades específicas de apoio educativo.

O Traballo de Fin de Mestrado (TFM), cunha carga de 16,5 ECTS, consistirá nun traballo de investigación experimental, titorizado por profesorado do título ou por investigadores/as externos/as cuxa actividade se enmarque no ámbito da Neurociencia. O TFM ten como finalidade iniciar ao estudiantado na investigación científica, permitíndolle adquirir competencias relacionadas coa formulación de preguntas de investigación, o manexo de metodoloxías e técnicas experimentais, a capacidade de análise crítico e a comunicación científica.

O desenvolvemento do TFM inclúe actividades presenciais (reunións de titorización, traballo en laboratorio, presentación e defensa pública do proxecto) e non presenciais (revisión bibliográfica, deseño experimental, análise de datos, elaboración da memoria escrita e preparación da defensa oral).

A avaliación do TFM será realizada por unha comisión avaliadora, de acordo cos criterios establecidos na guía docente do TFM, tamén recollidos no regulamento de elaboración de TFM do título. Entre eles inclúense, a calidade da memoria escrita, a adecuación do deseño metodolóxico, o rigor na análise e interpretación dos resultados, a corrección formal e o uso da linguaxe científica, así como a solvencia e claridade na defensa pública.

f) Procedemento de coordinación docente

O Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) do centro recolle no proceso de desenvolvemento das ensinanzas os sistemas de coordinación da actividade docente.

A coordinación horizontal, lévase a cabo a través dos/as coordinadores/as das materias; que se encargan de supervisar o seguimento das guías docentes, a coordinación entre os/as diferentes profesores/as que imparten unha mesma materia, a impartición da ensinanza e a atención aos/ás estudantes. Os/as coordinadores/as de cada materia do curso pódense atopar nas guías docentes dispoñibles na web do mestrado.

A coordinación vertical, realízase a través dos/as coordinadores/as do título en cada unha das universidades participantes e as Comisións Académicas do Título. Ao ser unha titulación interuniversitaria, o/a coordinador/a xeral da titulación (USC) mantén comunicación directa cos/as coordinadores/as da UDC e da UVIGO a través de diferentes medios (reunións virtuais, correo electrónico) co fin de solucionar todos os problemas e cuestións que poidan xurdir en relación co correcto desenvolvemento do título.

A Comisión Interuniversitaria está constituída por docentes das tres universidades cuxa misión é asegurar a correcta impartición da docencia segundo os criterios de calidade dos centros responsables de cada universidade e garantir o correcto desenvolvemento do título e da planificación das ensinanzas. Esta Comisión Académica Interuniversitaria mantén reunións sempre que é necesario para tratar diversos aspectos relacionados co título (solicitudes de recoñecemento de materias, tribunais de TFM, solicitudes de matrícula a tempo parcial, elaboración de autoinformes, análise dos resultados da aprendizaxe e indicadores do título). A composición desta comisión móstrase no apartado de calidade (órganos do sistema de garantía de calidade) na web da Facultade de Bioloxía.

Na UVIGO existe unha Comisión Académica (ou Comisión de Título, segundo se designase en cada universidade), integrada por profesorado do mestrado pertencente á UVIGO e un representante do equipo decanal, que polo xeral é o vicedecano de Calidade. Na UDC a Comisión de Título está integrada por un PAS e tres docentes do mestrado.

As decisións adoptadas pola Comisión Interuniversitaria nas súas reunións trasládanse ás Comisións de Calidade dos centros, o que permite levar a cabo un seguimento, análise e a mellora continua do título.

g) Procedementos para a organización da mobilidade dos/das estudantes propios e de acollida

Na USC, a mobilidade de estudantes propios e de acollida está regulada polo Regulamento de intercambio interuniversitario de estudantes da USC: <https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/normativa/alumnado> onde se inclúe o Acordo do Consello de Goberno do 23-07-2025, que aprobou o Regulamento de Mobilidade da Universidade de Santiago de Compostela.

A UDC conta cunha normativa institucional que regula a participación dos/das estudantes en programas de mobilidade académica. En concreto, o “Regulamento sobre mobilidade internacional de estudantes” establece o marco xeral para a mobilidade internacional de estudantes, mentres que o “Regulamento da Universidade da Coruña polo que se establecen o procedemento e as condicións para a formalización de convenios de dobre titulación con universidades estranxeiras”, establece as condicións para a formalización de convenios bilaterais de dobre titulación con outras universidades. Estes regulamentos poden consultarse en <https://www.udc.es/es/normativa/academica/>

O regulamento sobre mobilidade internacional de estudantes establece que a organización e a xestión da mobilidade internacional na Universidade da Coruña se desenvolverá por medio da actuación coordinada da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, a Oficina de Relacións Internacionais, a Comisión de Relacións Internacionais, e as persoas responsables de relacións internacionais de cada centro (no caso da Facultade de Ciencias, o Vicedecanato de Organización Académica), os/as titores/as académicos/as de mobilidade, a comisión de relacións internacionais do centro e a administración do centro).

A UDC pon a disposición do seu estudantado toda a información relacionada cos programas de mobilidade a través da páxina web da Oficina de Relacións Internacionais <https://www.udc.es/es/ori/>. A Oficina de Relacións Internacionais proporciona aos/ás alumnos/as toda a información relacionada cos programas de mobilidade, incluída a solicitude de axudas e bolsas de estudos para este cometido.

Á súa vez, a Facultade de Ciencias proporciona información específica para o seu estudantado en (<https://ciencias.udc.es/es/>).

Dende a UVIGO ofrécense, a través de diversos servizos e programas, orientación e apoio ao estudantado, entre os que se inclúe a Oficina de Relacións Internacionais (ORI): <https://www.uvigo.gal/es/internacional/programas-movilidad>

A planificación, desenvolvemento e xestión dos convenios relativos ao intercambio de profesorado, estudantado e PAS, tanto da Universidade de Vigo coma estranxeiros con outros centros de educación superior, realízase atendendo, entre outros, aos seguintes criterios, programas de bolsas e ámbitos de actuación:

A mobilidade tanto a nivel nacional coma internacional lévase a cabo mediante a negociación e sinatura de convenios de colaboración directa coas outras institucións, xestionado a través das correspondentes Oficinas de Relacións Internacionais das universidades. A planificación responde a dous ámbitos de actuación: mobilidade entrante e saínte cara a Europa (Erasmus+ principalmente), e mobilidade entrante e saínte cara ao resto dos países (ISEP, estudantes de convenio, programa de bolsas propias, GE4, Bolsas Santander para Grao e para Investigación).

En relación á mobilidade de estudantes con Europa poténciase a participación e a obtención de bolsas a través dos programas e accións promovidas pola Comisión Europea e a Axencia Executiva de Educación, Audiovisual e Cultura, especialmente o programa Erasmus+, para o que se asinan acordos bilaterais Erasmus plurianuais.

Para a mobilidade do profesorado con Europa (tanto para o profesorado das universidades galegas, coma para os/as visitantes de universidades estranxeiras) prevense diversas actuacións no marco do programa Erasmus+ para o que se disporá de financiamento: visitas OM e PV a universidades asociadas para preparar a mobilidade do estudantado e promover a sinatura dos acordos de cooperación e mobilidade para impartir docencia (STA) ou recibir formación (STT). Esta mobilidade é esencial para desenvolver a dimensión europea dentro da propia universidade e entre as universidades europeas. O período para impartir docencia no estranxeiro permite aos docentes coñecer outros sistemas universitarios diferentes e outro idioma, achegando unha perspectiva europea aos cursos que seguen os/as estudantes da universidade anfitriña e da universidade de orixe, abrindo, ademais, novas posibilidades de

cooperación e de realización de proxectos conxuntos entre institucións de varios países. Dentro do novo programa Erasmus+ inclúese a mobilidade do PAS e contémpanse novas accións dentro da mobilidade docente.

3 Planificación de implantación (cronograma).

O Mestrado en Neurociencia implantarase no curso académico 2027-2028 e terá unha duración dun curso académico (60 ECTS).

A planificación temporal dos módulos é similar á actual, e será a seguinte:

Módulo común (5 materias de 4,5 ECTS; total 22,5 ECTS):

Impartirase entre setembro e decembro, unha vez finalizado terán lugar as probas finais de avaliación das materias.

Módulo de materias optativas (Especialidade de Neurociencia Cognitiva e Especialidade de Neurobioloxía Celular e Molecular), cada especialidade consta de 10 materias de 3 créditos ECTS.

Desenvolverase dende a segunda quincena de xaneiro ata a primeira quincena de maio.

Traballo Fin de Mestrado (TFM) (16,5 ECTS):

A planificación e asignación de titor/a realizarase en novembro-dicembro. O desenvolvemento do TFM terá lugar ao longo do segundo semestre, e a defensa efectuarase no mes de xuño ou xullo.

4 Procedemento de adaptación. (Descrición)

O procedemento de adaptación reflíctese na seguinte táboa:

Curso 2025-26	Créditos ECTS	Curso 2027-28	Créditos ECTS
P2012101 Bioloxía Celular do Sistema Nervioso	4	Bioloxía Celular do Sistema Nervioso	4,5
P2012102 Neuroquímica	4	Neuroquímica	4,5
P2012103 Neuroanatomía	4	Neuroanatomía	4,5
P2012104 Fisioloxía do Sistema Nervioso	4	Fisioloxía do Sistema Nervioso	4,5
P2012105 Neurociencia do Comportamento	4	Neurociencia do Comportamento	4,5
P2012106 Traballo Fin de Máster	19	Traballo Fin de Máster	16,5
P2012201 Técnicas Psicofisiolóxicas	3	Técnicas de Neurociencia Cognitiva	3
P2012202 Investigación Aplicada en Neurociencia Cognitiva	3	Investigación Aplicada en Neurociencia Cognitiva	3
P2012203 Procesos Psíquicos Superiores	3	Procesos Psíquicos Superiores	3
P2012204 Conductas Aditivas	3	Conductas Aditivas	3
P2012207 Fundamentos de Neurofisioloxía Clínica	3	Fundamentos de Neurofisioloxía Clínica	3
P2012208 Fundamentos de Psiquiatría	3	Fundamentos de Psiquiatría	3
P2012210 Neurociencia Computacional	3	Neurociencia Computacional	3
P2012211 Modelos Biolóxicos e Computacionais de Representación do Coñecemento	3	Modelos Biolóxicos e Computacionais de Representación do Coñecemento	3

P2012223	Neuroimaxe PET/SPECT: preprocesado, análise e aplicacións clínicas	3	Neuroimaxe PET/SPECT: preprocesado, análise e aplicacións clínicas	3
P2012224	Neurociencia aplicada á neuroloxía clínica	3	Neurociencia aplicada á neuroloxía clínica	3
P2012206	Neurodexeneración e Neurorreparación	3	Neurodexeneración e Neurorreparación	3
P2012212	Fundamentos de Xenómica e Proteómica en Neurociencias	3	Créditos optativos	3
P2012213	Neurofarmacoloxía	3	Neurofarmacoloxía	3
P2012214	Técnicas de Neurobioloxía Molecular	3	Técnicas de Neurobioloxía Molecular	3
P2012215	Desenvolvemento do Sistema Nervioso	3	Desenvolvemento do Sistema Nervioso	3
P2012216	Evolución do Sistema Nervioso	3	Evolución do Sistema Nervioso	3
P2012217	Neuroanatomía Comparada	3	Créditos optativos	3
P2012218	Técnicas Neuroanatómicas	3	Técnicas Neuroanatómicas	3
P2012219	Canles iónicas e comportamento neuronal. Introducción ás canlepatías	3	Canles iónicas e comportamento neuronal.	3
P2012220	Neuroendocrinoloxía	3	Neuroendocrinoloxía	3
P2012221	Técnicas Electrofisiolóxicas	3	Técnicas Electrofisiolóxicas	3
P2012222	Neurotoxicoloxía	3	Neurotoxicoloxía	3

5 Ensinanzas que se extinguen. (Estudo – Centro)

Código RUCT: 4310850

6 Responsable do título.

Facultade de Bioloxía da USC como responsable do título.
Na súa impartición, ademais da USC, tamén participan a UDC e a UVIGO.